

Estimados compañeiros e compañeiras:

Permitíndeme que en representación dos compañeiros de Candidatura, no proceso electoral a Presidente e Xunta de Goberno do Colexio, vos roube uns minutos do voso tempo.

Teríanos gustado que as cousas foran doutro xeito, pero unha vez mais temos formado candidatura ás eleccións no noso Colexio, que se van celebrar, e volvemos a non ter unha sa oposición, o que nos produce certa tristeza.

Sabemos que é difícil comprometerse, e que todos temos moitas obrigas que atender (de todo tipo), pero é unha pena que ninguén se anime a coller o noso relevo, nin sequera a compartir a tarefa.

Nosoutros seguimos estando orgullosos de poñer unha parte do noso tempo, traballo, esforzo e dedicación ao voso servizo e ao da fermosa profesión que todos eliximos cando eramos uns rapaces, pero así, non podemos saber si é que valorades razoablemente a nosa xestión ou si só nos elixides porque non se presenta ninguén mais.

Esperamos que nas vindeiras eleccións concorran outras candidaturas, ou o Colexio acabará tendo un problema, porque ninguén somos insubstituíbles, nin eternos.

Así pois, pese a ter intentado incorporar algunha cara nova, finalmente, non foi posible, pero bo, ao final seguimos nesta andadura, que algúns xa empezaron antes de 2000, os mesmos que chegamos ata aquí:

Rafa Muíños, Raña, Mario, Manuel Amor, Pepe Barrera, Gabino, Salomé, Suso de Tuy e Alberto Mariño.

Empezamos como un grupo de traballo ao servizo da profesión en A Coruña e Pontevedra, e agora somos un grupo de amigos tentando loitar polo mesmo que cando nos incorporamos á Xunta de Goberno. Cos nosos éxitos e os nosos fracasos, pero sempre co noso traballo e a nosa dedicación, na medida que podemos, xa que como é obvio esta non é a nosa dedicación principal.

Para o mandato que se nos aveciña, e despois destes dous últimos nos que sufrimos 3 serias inconveniencias (unha segregación, unha mudanza e unha pandemia) que nos teñen consumido moito tempo e recursos, esperamos que por fin sexa un mandato tranquilo e que ao seu remate podamos dicir que acadamos os obxectivos proxectados, incluso mais, pero no cabe dúbida de que para iso é imprescindible a vosa colaboración.

A verdade é que resulta difícil establecer obxectivos concretos, mais aló das vosas demandas cotiáns, ou non tanto, e de aquelas obrigas que nos impoñen os noso Estatutos e a lexislación, cando a realidade destes últimos anos nos demostra que en calquera momento xurde calquera situación sobrevida, non prevista, nin desexada ao que non queda outra que facer fronte e da que hai que saír co menor dano posible.

En calquera caso, nos mantemos no empeño de mellorar os nosos servizos, tanto os que prestamos presencialmente, como sobre todo os que prestamos telematicamente (mellora e actualización dos servizos da páxina “web” e implantación do CSV, actualización do sistema de visado electrónico, etc.).

Como levamos anos a facer, e incrementamos, nos últimos anos (ATRIGA, “Xustiza Gratuíta”, EGAP, etc...), seguir a buscar a colaboración mutua coas administracións, e os seus organismos instrumentais, ben por nos ou en colaboración cos outros Colexios de Galicia (CMR, CMATV, FEGAMP, Deputacións, etc.) ou ao través do CGCOITAE (Catastro, FEMP, etc.).

A principios de 2022, vos enviaremos unha enquisa para que nos fagades chegar as vosas suxestións de todo tipo, semellante á que vos faciamos para establecer a nosa oferta formativa anual. Esta, foi unha boa ferramenta mentres vos colaborabades respondéndoa, está na vosa man que volva a selo.

Pretendemos potenciar a oferta formativa, aínda que iso supoña, sobre todo, unha mellor información sobre outras ofertas formativas (que xa existen) doutras entidades, cunha maior masa crítica de “usuarios” (CGCOITAE, INGITE, COGITI, UP de G., etc.), e ás que xa temos acceso. Nada nos gustaría mais que unha oferta propia “potente”, pero tede en conta que iso, precisa dunha demanda que sexa ampla (moitos colexiados) e non dispersa (materias), e iso ultimamente non é doado de conseguir.

Esta última dificultade ten moito que ver co descenso no número de colexiados que vimos sufrindo desde hai algúns anos. Realizaremos accións para que tentar que a colexiación se incremente, tendo en conta, que mentres a lexislación non diga o contrario, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico Agrícola en calquera ámbito, ou cando sexa requisito para o acceso ao posto de traballo. Para iso, podería ser necesaria a vosa colaboración, dalgún xeito, tamén.

Por último, pese a todos estes avatares, a situación do Colexio é saneada, non boiante, porque os riscos conxunturais están aí, polo que seguiremos afondando na medida do posible na xestión económica mais rigorosa posible, tendo en conta que, non negando que todos puideramos pretender que o Colexio funcione mellor, temos conseguido o que conseguimos ata agora, ampliando persoal, con redución no número de colexiados e sin incrementar cotas, nin dereitos de visados, dende 2006.

Non vos entreteño máis, perdoade o rolo, e esperamos poder contar con vos o próximo día 20 na Asemblea e eleccións, facede uso do VOTO POR CORREO.

En A Coruña, a 26 de novembro de 2021.

